



## Proposta de adxudicación da contratación administrativa da subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento.

Con data de 9 de xullo de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa da subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD do Parlamento de Galicia, e servizo de mantemento, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 85.000,00 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 315, do 11 de xullo de 2014. O anuncio de licitación da contratación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 147, do 5 de agosto de 2014.

Rematado o prazo para presentación de ofertas presentaron a súa respectiva proposición as seguintes empresas:

- Sistemas avanzados de tecnología, s.a.
- Internacional periféricos y memorias España, s.l.

Logo da realización dos trámites legais e regulamentarios procedentes a Mesa de Contratación, na súa reunión do 30 de setembro de 2014, acordou outorgar ás empresas concorrentes a seguinte puntuación:

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios aplicables por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Internacional periféricos y memorias España, s.l.	37,00	20,65	<b>57,65</b>
Sistemas avanzados de tecnología, s.a.	21,50	55,14	<b>76,64</b>

Á vista da puntuación atribuída ás ofertas clasificounas na seguinte orde.

- 1º. Sistemas avanzados de tecnología, s.a.
- 2º. Internacional periféricos y memorias España, s.l.

A Mesa de Contratación comprobou que a oferta económica da empresa que obtivo a máxima puntuación, Sistemas avanzados de tecnología, s.a., estaba incursa, ao tenor cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, en baixa desproporcionalada. En consecuencia acordou darrle audiencia á empresa para que xustificara, no prazo de cinco días hábiles, a valoración da oferta e precisara as condicións da mesma.

Con data de 7 de outubro Sistemas avanzados de tecnología, s.a. presentou escrito xustificativo da oferta presentada no que, basicamente, xustifica a súa proposición en que son partners platinum do fabricante NetApp, no que basan a súa solución técnica, en que non necesitan subcontratar persoal alleo á súa empresa, en que apenas plantexou melloras hardware availables e, finalmente, na procura da obter o maior rendemento á relación puntos/custe centrándose nos criterios que lle beneficiaban e omitindo os que apenas aportaban valor comprometéndose, en todo caso, á execución do contrato segundo as condicións expostas na oferta técnica e económica presentada.



Segundo informe técnico elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información de 8 de outubro, as razóns expostas pola empresa xustifican suficientemente o contido da oferta.

Á vista da xustificación presentada pola empresa e do informe do servizo de Tecnoloxías da Información, a Mesa de Contratación acordou propoñer á Mesa do Parlamento dar por suficientemente xustificada e aceptar a oferta presentada por Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a., clasificar as ofertas na seguinte orde: 1º. Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a., 2º. Internacional periféricos y memorias España, s.l., e consecuentemente, requirir á empresa clasificada en primeiro lugar para que presentara a documentación do apartado 6 da cláusula décimo primeira para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

Á vista da proposta, e previo informe favorable da Intervención, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 21 de outubro de 2014 adoptou o Acordo clasificar as ofertas na citada orde e requirirlle á empresa Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a. a presentación, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requerimento, da documentación esixida no apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, se é o caso, á adxudicación do contrato.

Con data 30 de outubro de 2014 Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (rexistro nº 29640), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval nº 140.520 e garantía complementaria mediante o aval nº 140.521 da entidade "Banco Caixa Xeral" por importe de 2.812,14 € cada unha delas, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, proponse á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato administrativo da subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD do Parlamento de Galicia, e servizo de mantemento, á empresa **Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a.**, polos seguintes importes:

	Subministración	Servizo	Total
Orzamento:	48.878,29 €	7.364,47 €	<b>56.242,76 €</b>
IVE (21 %):	10.264,44 €	1.546,54 €	<b>11.810,98 €</b>
Total:	59.142,73 €	8.911,01 €	<b>68.053,74 €</b>

Santiago de Compostela 3 de novembro de 2014.

Vº e prace  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Régime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia